

27, 28 e 29 de outubro

## GIRLHOOD



**Dirección:** Céline Sciamma  
**Intérpretes:** Karidja Touré e Assa Sylla  
Francia, 2014 - 112 min (V.O.S. en castelán)  
NRM 12 ANOS  
Formato: DVD

\* INDEPENDENT SPIRIT AWARDS 2015: SELECCIONADA PARA MELLOR PELÍCULA ESTRANXEIRA  
\* PREMIOS CÉSAR 2014: 4 NOMEAMENTOS INCLUÍNDO MELLOR DIRECTOR

*Para Marieme a vida é unha sucesión de prohibicións. Séntese angustiada pola súa familia, pola escola e pola implacable lei dos mozos do barrio. Pero a súa vida cambia cando coñece un grupo de mozas de espírito libre.*

*Entón cambia o seu nome, o seu xeito de vestir e abandona a escola para ser aceptada no grupo. Convertida en Vic, abraza o código da rúa onde se mesturan violencia, amizade e liberdade.*

Hai un momento de euforia en "Girlhood", clímax de manual, no que catro mozas malas que, no fondo, non o son tanto, se desmelenan ao ritmo de "Diamonds", de Rihanna. É un eficaz e fermoso canto á esperanza cara a un futuro que adiviñan cheo de obstáculos. E un punto e á parte neste relato de iniciación e procura identitaria que segue a peripecia dunha rapaza dunha banlieue de París cuxa necesidade de pertenza lévaa a formar parte dunha banda. Lonxe de vulgar os seus personaxes, nin os seus ás veces reprobables comportamentos, o filme achega unha mirada chea de sensibilidade, marca da casa de Céline Sciamma, aos eternos conflitos da adolescencia.

Àlex Montoya (Fotogramas \*\*\*)

## SALA FERNANDO REY

### ENCRUCILLADAS

6, 7 e 8 de outubro

## DEAR WENDY



**Dirección:** Thomas Vinterberg  
**Intérpretes:** Jamie Bell e Bill Pullman  
Dinamarca, 2004 - 109 min (V.O.S. en castelán)  
NRM 18 ANOS  
Formato: 35 mm

*Dick é un mozo solitario e retraído que vive no deprimente pobo de Estherslope. Un día, atopa un pequeno revólver e, a pesar do seu fervente pacifismo, empeza a sentir unha estraña e crecente atracción pola arma.*

Lars von Trier parece empeñado en construír un país propio. Unha xeografía que non se corresponde cunha realidade, un País de Nunca Xamais. Despois de "Dogville" e de "Manderlay", agora lévanos ata Estherslope, un pobo que parece xurdido do plano de "Dogville", onde a historia sucede arredor dunha única praza. Mellor dito, arredor da praza e do seu contrario, a mina onde este grupo de nenos perdidos organizan a súa vida. Por que falo de País de Nunca Xamais e de Nenos Perdidos? Porque no fondo este filme dirixido por Thomas Vinterberg, autor dun dos dogmas máis famosos, "Celebración", sobre un guión de Lars von Trier, non é outra cousa que unha nova variante de Peter Pan, cunha Wendy tan protectora e necesaria coma a do neno que non quería medrar; neste caso, un neno que non quere matar. Aínda que polo seu argumento poida parecer o contrario, esta non é unha película sobre as armas, senón unha historia que intenta explicar como un grupo de marxidados atopa a dignidade e a felicidade por camiños pouco convencionais. E iso é algo que a sociedade non está moi disposta a permitir. Se a primeira metade do filme remite directamente ao conto de Peter Pan, a segunda metade bebe no western máis clásico. Desde "El Zurdo", de Arthur Penn (lembran a Paul Newman, un neno perdido, xogando co revólver no bar, e como planifica o atraco sobre un plano da praza igual ao de "Dear Wendy"?), ata "El Dorado", onde os roles cambiáronse e os bos son precisamente os que chegan ao pobo para ser eliminados polos malos, neste caso a lei. Intelixente, tenra, emocionante, cun uso da música impecable, "Dear Wendy" provoca rexeitamentos e adhesións sen matices. Esa é a súa grandeza.

Nuria Vidal (Fotogramas \*\*\*\*\*)

**HORARIOS:** xoves 20.30 h; venres 20.30 e 23.00 h e sábado ás 17.30 e 20.30 h.

**ENTRADAS:** 3,00 €

(Carné xove, +65 anos, desempregados: 2,00 €)

**SESIÓN DO ESPECTADOR:** venres 23.00 e sábado 17.30 h. Prezo único: 1,50 €

**ABONO 5 PELÍCULAS:** 12,00 €

**VENTA EN DESPACHO DE BILLETES:** media hora antes de cada función (só se quedan entradas dispoñibles)

**VENTA ANTICIPADA:** na conserxería, de luns a venres de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00, e sábados de 10.00 a 13.00 h

FORUM METROPOLITANO



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña



13, 14 e 15 de outubro

## VIAGGIO SOLA



**Dirección:** Maria Sole Tognazzi  
**Intérpretes:** Stefano Accorsi e Margherita Buy  
Italia, 2013 - 79 min - (V.O.S. en castelán)  
NRM 13 ANOS  
Formato: DVD

\* PREMIOS DAVID DI DONATELLO 2012: MELLOR ACTRIZ

*Irene, unha muller guapa e solteira, traballa como crítica de hoteis de luxo. Viaxa soa constantemente, escribindo informes moi detallados sobre todos os fallos do persoal. Dedicada a controlar os horarios do servizo de habitacións, tomar a temperatura do viño branco, medir niveis de po, as súas viaxes non resultan moi relaxantes, e a súa vida persoal é case inexistente, excepto pola súa longa amizade con Andrea, un guapo provedor de comida ecolóxica.*

Irene ten un traballo envexable. Deses que, coma o de crítico, fílle exclamar á xente: “Pasas a vida vendo cinema, non te queixes!” Non, non nos queixamos, pero Irene sabe que cando o que é pracer para os demais se converte en traballo para ti, non todo é de cor de rosa. Irene vive unha vida de luxos, viaxando cos gastos pagos e aloxándose nos mellores hoteis. É o cliente incógnita, unha inspectora que ten como misión espiar que todo funcione para manter a categoría que ostentan. Iso si, para facer este traballo ten que estar sempre dispoñible e viaxar soa. Sempre soa. Irene ten dous refuxios en Roma: a familia da súa irmá, e Andrea, o seu amigo da alma, ex-parella e confidente. Pero eles non sempre están cando os necesita. A filla de Ugo Tognazzi enfróntase á súa terceira longametraxe sabendo que hai que manter o equilibrio entre a comedia e o drama; que non é necesario resolver as situacións en pantalla; que fragmentar o relato axuda ao ritmo da película; e, sobre todo, que é imprescindible contar cunha actriz coma Margherita Buy, capaz de levar o peso da historia enchéndoa de matices.

**Nuria Vidal (Fotogramas \*\*\*)**

20, 21 e 22 de outubro

## EMOTIONAL ARITHMETIC



**Dirección:** Paolo Barzman  
**Intérpretes:** Susan Sarandon e Christopher Plummer  
Canadá, 2007 - 102 min - (V.O.S. en castelán)  
NRM 7 ANOS  
Formato: 35 mm

En 1945, Jakob Bronski, un mozo disidente confinado en Drancy, toma baixo a súa protección a dous nenos, Melanie e Christopher. Corenta anos despois, Melanie descobre que o ancián Jakob, que cría que fora trasladado a Auschwitz e asasinado, segue vivo. Inmediatamente convidao a vivir con ela e a súa familia na súa granxa de Canadá. O que Melanie non esperaba era que Jakob chegase acompañado de Christopher...

Non é casual que Paolo Barzman asumise a adaptación á pantalla dunha novela que non trata tanto do Holocausto como da memoria. Fillo dun de os máis notorios guionistas represaliados polo Maccarthismo, denuncia a persecución dos xudeus desde as secuelas que deixou en tres sobreviventes: os dous nenos, hoxe adultos, e o médico polaco que os protexeu e ao que crían desaparecido. Uns flashbacks reconstrúen innecesariamente o pasado, pero é no presente onde o filme xoga as súas mellores bazas. O esquecemento, a tolemia ou a sublimación configuran distintas estratexias para superar os traumas da memoria. As pantomas non tardan en facer a súa aparición, e os fráxiles equilibrios tecidos sobre o esquecemento desgárranse para revelar abismos repletos de incertezas. A dúbida que o filme formula acerca de se afrontar o pasado desde o recordo ou o rexeitamento é quizais demasiado ambiciosa. Un magnífico elenco de actores consegue, non obstante, que a cuestión cale fondo na conciencia de espectadores sensibles ás feridas abertas pola historia. Os horrores do Nazismo tamén se contan cos dramas individuais que arrastran cada unha das súas vítimas.

**Esteve Rimbau (Fotogramas \*\*\*)**